

CONVENIO POLO QUE SE FORMALIZA A ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVO ASISTENCIAIS.

Santiago de Compostela, a __ de ____ de 2022

COMPARECEN

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, Presidente da Fundación Pública Galega Rof Codina pola súa condición de Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, nomeado segundo o Decreto 60/2022, de 15 de maio (DOG núm. 94, do 16/05/2022).

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto 35/2022, de 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22/03/2022).

INTERVEÑEN


O primeiro, en nome e representación da **FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA ROF CODINA** (en adiante **FPG-RC**), con CIF G27182856 e domicilio en Estrada da Granxa 51, Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo, 27002, Lugo, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no Inventario de Entes do Sector Público, actuando en calidade de Presidente da FPG-RC con poderes suficientes para a celebración deste acto consonte ao disposto nos artigos 17 e 18 dos seus Estatutos.

O segundo, en nome e representación da **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** (en adiante **USC**), con CIF Q1518001A e domicilio en Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782, Santiago de Compostela, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE núm. 307, do 24/12/2001) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro (BOE núm. 50, do 27/02/2014).

Ambas as partes, na representación que ostentan e no exercicio das facultades que teñen conferidas, recoñecéndose mutua capacidade para obrigarse e convir,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a FPG-RC é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída por tempo indefinido e disposto no artigo 34.1 da Constitución española e da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego. Que a FPG-RC constituíuse para a xestión do




Hospital Veterinario Universitario, do Centro de Biomedicina e Veterinaria e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, e ten por obxecto a realización dos seguintes fins xerais de interese galego (art. 6 Estatutos da FPG-RC): o apoio permanente á docencia clínica na Facultade de Veterinaria de Lugo da USC, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da Facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o Hospital Veterinario Universitario de Lugo (no sucesivo HVU-RC), o apoio permanente á investigación no CEBIOVET e o cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade levando a cabo actividades de Investigación, Docencia e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada para facilitar a aprendizaxe do estudiantado, a preparación para o exercicio de actividades profesionais, así como a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

TERCEIRO.- Que o HVU-RC da FPG-RC, consonte ao disposto no artigo 66 dos Estatutos da USC, ten como obxectivos fundamentais o desenvolvemento do labor asistencial clínico veterinario co fin de mellorar as funcións docentes e investigadoras propias dos departamentos, centros, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde así como a potenciación das actividades produtivas no sector primario, das que a preservación e recuperación da saúde animal constitúen unha parte destacada.

CUARTO.- Que a FPG-RC e a USC consideran que o labor formativo-asistencial, prestado a través do HVU-RC, é un factor básico e decisivo para o desenvolvemento do servizo público de asistencia clínica veterinaria da FPG-RC e para o perfeccionamento das funcións públicas docente, investigadora e de transferencia do coñecemento da USC, sendo interese de ambas as partes colaborar no referido labor formativo-asistencial.

QUINTO.- Que a USC dispón de persoal de valía profesional recoñecida para o desenvolvemento da actividade formativo-asistencial como parte integradora das funcións docente, investigadora e de transferencia do coñecemento da USC, e que a FPG-RC non conta cos medios persoais adecuados para afrontar dita actividade, polo que, ao abeiro do artigo 9 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en adiante LOFAXGA), faise precisa unha encomenda de xestión entre ambas institucións que permita que a través de dito labor formativo-asistencial se produza



correspondente retorno á sociedade das funcións anteditas, garantindo ao tempo a prestación duns servizos públicos de calidade, función básica e fin último das entidades intervenientes.

Por todo isto, formalizan dita encomenda de xestión a través do presente convenio consonte ao disposto no artigo 9.2 da LOFAXGA, e de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da encomenda. Actividade formativo-asistencial.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a FPG-RC e a USC para a prestación da actividade formativo-asistencial no HVU-RC e a dirección das áreas funcionais do Hospital.

Por actividade formativo-asistencial enténdese a asistencia clínico veterinaria, a formación específica que a mesma supón e os novos coñecementos xerados, ou que poidan xerarse, inherentes a súa prestación, consecuencia do carácter integrador que neste eido ten dita actividade formativo-asistencial respecto das funcións docentes, investigadoras e de transferencia do coñecemento.

Por dirección de áreas asistenciais enténdese a dirección das áreas ou servizos funcionais nos que se organice a prestación da actividade formativo-asistencial no HVU-RC establecidos no Regulamento de réxime interno, aprobado polo Padroado da Fundación.

SEGUNDA.- Participación do persoal da USC no HVU-RC.

A actividade formativo-asistencial no HVU-RC encomendada á USC será realizada polo persoal docente e investigador da USC.

A participación do persoal docente e investigador da USC en ditas actividades efectuarase no marco da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e consonte á regulamentación propia da USC recollida nos seus Estatutos e conforme coa normativa vixente en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A aplicación do réxime disciplinario do persoal que desenvolve actividades formativo-asistenciais farase segundo o establecido na lexislación aplicable ao persoal funcionario docente universitario.

TERCEIRA.- Procedemento de vinculación ao HVU-RC.

Para a realización da actividade formativo-asistencial regulada polo presente convenio, deberá seguirse o procedemento seguinte:

- Informe de Necesidade do Servizo correspondente do HVU-RC debidamente motivado, onde se manifesten as necesidades formativo-asistenciais a cubrir en dito Servizo e o perfil e dedicación ao HVU-RC, reflectindo o número de horas



semanais a cubrir, axustadas aos tramos de dedicación máxima semanal previstos na cláusula quinta do presente convenio, que contará coa autorización da Comisión Técnica constituída na 51ª reunión do Padroado da FPG-RC do 6 de abril de 2021. Incorpórase como **Anexo I** o «Informe de Necesidade e Solicitud de Vinculación ao HVU-RC».

- A necesidade tamén poderá ser apreciada pola propia Comisión Técnica para atender o incremento de actividade formativo-asistencial.
- O HVU-RC publicará unha convocatoria de vinculación dirixida ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo da Facultade de Veterinaria que valorará, entre outros, os méritos relacionados coa actividade formativo-asistencial. A avaliación dos méritos será realizada por unha comisión avaliadora que estará formada polos seguinte membros:
 - A Dirección Veterinaria do HVU-RC.
 - O/a decano/a da Facultade de Veterinaria.
 - Dous/dúas xefes/as dos Servizos nos que se organiza o HVU-RC, por proposta da Dirección Veterinaria.
 - A Xerencia da HVU-RC.
- A comisión avaliadora realizará unha proposta de vinculación, de acordo cos méritos establecidos na convocatoria, que elevará á Comisión Técnica, constituída na 51ª reunión do Padroado da FPG-RC do 6 de abril de 2021, para a súa validación.
- Unha vez validada a proposta anterior pola Comisión Técnica, a Xerencia da FPG-RC dará publicidade á proposta definitiva, segundo o **Anexo II «Proposta de Vinculación ao HVU-RC»** que se incorpora a este convenio e procederá a subscribir co/coa profesor/a da USC o acordo de vinculación ao HVU-RC. Incorpórase como **Anexo III** o «Acordo de Vinculación ao HVU-RC».
- A vinculación terá unha duración de un ano prorrogable, previo informe favorable da Dirección Veterinaria e da Xerencia do HVU-RC.

No suposto de profesorado que estivera vinculado con anterioridade á subscripción deste convenio, non será necesario o proceso de vinculación descrito nesta cláusula. A asignación da dedicación e do seu pagamento, conforme as cláusulas Quinta e Sétima, realizarase previo informe da Dirección Veterinaria e da Xerencia do HVU-RC.

CUARTA.- Procedemento de urxencia. Acordo de vinculación provisional.

Cando existan razóns que xustifiquen a prestación urxente das actividades formativo-asistencias reguladas polo presente convenio, poderá subscribirse un acordo de vinculación provisional ao HVU-RC, previa declaración de urxencia debidamente motivada emitida pola Dirección Veterinaria do HVU-RC. Incorpórase como **Anexo IV** modelo de «Declaración de Urxencia» e como **Anexo V** o «Acordo de Vinculación Provisional ao HVU-RC».



O acordo de vinculación provisional manterá a súa vixencia en tanto subsistan as causas que motivaron a súa subscrición.

En calquera caso, unha vez iniciada a prestación da actividade, a vinculación provisional poderá adquirir carácter definitivo cando a Comisión Técnica, constituída na 51ª reunión do Padroado da FPG-RC do 6 de abril de 2021, valide o acordo de vinculación provisional.

QUINTA.- Execución da actividade. Tramos de dedicación horaria.

A actividade formativo-asistencial no HVU-RC realizarase polo persoal da USC de conformidade co disposto no presente convenio e de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interno (RII) do HVU-RC, de xeito continuado ao longo da mesma xornada, podendo dedicarse a dita actividade formativo-asistencial un número máximo de horas semanais segundo os seguintes tramos:

Tramo	Dedicación máxima semanal
I	Ata 5 horas
II	De 6 a 10 horas
III	De 11 a 15 horas
IV	De 16 a 20 horas

Nas horas dedicadas a dita actividade formativo-asistencial no HVU-RC entenderase incluída a carga administrativa asociada a devandita actividade formativo-asistencial así como a función investigadora que dita actividade implique de ser o caso.

A vinculación de profesorado á actividade formativo-asistencial no HVU-RC non afectará, en modo algún, á dedicación docente e investigadora na USC que lle corresponda.

SEXTA.- Dirección e seguimento da actividade.

A actividade formativo-asistencial no HVU-RC encomendada á USC e levada a cabo polo profesorado universitario, realizarase baixo a Dirección Veterinaria do HVU-RC.

A Dirección Veterinaria do HVU-RC levará un seguimento da realización da actividade formativo-asistencial, debendo emitir o correspondente informe mensual que se incorpora como «Anexo VI: Informe de Actividade» e que, a mes vencido, reflectirá a relación do profesorado universitario que tivera realizado tarefas formativo-asistenciais no mes inmediato anterior, o tramo horario ao que estea vinculado e as horas efectivas realizadas no caso de ser inferiores, o número de tramos horarios mensuais realizados e os importes correspondentes.



SÉTIMA.- Importe e condicións de pago.

Como contraprestación pola realización da actividade formativo-asistencial regulada polo presente convenio, a FPG-RC comprométese a aboar á USC as cantidades que propoña a Xerencia, oída a Comisión Técnica, en función do «Informe de Actividade» referido na cláusula anterior e incluírá a dirección das áreas funcionais nas que se organice o Hospital.

A proposta da Xerencia farase de conformidade cos criterios que, en función das dispoñibilidades orzamentarias, acorde o Padroado da Fundación por proposta da Comisión Técnica.

O importe máximo que se poderá destinar anualmente ao pagamento polos servizos anteriores será de 120.000 €.

As cantidades que resulten faranse efectivas mensualmente mediante transferencia bancaria na conta corrente núm. 2091.0387.40.3110000209, «Universidade de Santiago-Contratos e Convenios», de ABANCA, Campus Universitario Sur, 15706-Santiago de Compostela; previa presentación por parte da USC da memoria correspondente dirixida ao interlocutor que sexa designado pola FPG-RC e a nome desta. Con dita memoria deberá achegarse o «Informe de Actividade» da Dirección Veterinaria do HVU-RC.

OITAVA.- Retribucións do persoal da USC pola realización da actividade.

De conformidade co artigo 55 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, todas as retribucións do profesorado serán aboadas pola USC nunha única nómina cos conceptos que corresponda, non podendo recibir ningunha outra retribución directa por parte da FPG-RC.

NOVENA.- Relación do persoal da USC coa FPG-RC.

A subscrición do presente convenio no supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da USC que desenvolva as actividades formativo-asistenciais no HVU-RC e a FPG-RC, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- Comisión Mixta de seguimento.

Constituirase unha Comisión Mixta de seguimento do cumprimento deste convenio coa seguinte composición:

- a) Por parte da FPG-RC:
 - O/a presidente do Padroado da FPG-RC, ou persoa en quen delegue.
 - O xerente da FPG-RC, ou persoa en quen delegue.



b) Por parte da USC:

- O/a reitor/a da USC, ou persoa en quen delegue.
- O/a xerente/a da USC, ou persoa en quen delegue.

Exercerán de forma rotatoria as funcións da presidencia desta Comisión Mixta as persoas titulares da presidencia do Padroado da FPG-RC e da reitoría da USC. A rotación da presidencia producirase por curso académico, correspondendo o primeiro ano á persoa titular da presidencia do Padroado da FPG-RC.

Son funcións da Comisión Mixta velar polo cumprimento do convenio, interpretalo e resolver calquera dúbida que poida derivarse da súa aplicación, así como calquera outra función que lle sexa encomendada polas partes asinantes.

A Comisión Mixta reunirse semestralmente, ou cando o solicite calquera das partes asinantes. Adoptará os seus acordos por unanimidade. De forma supletoria aplicarase o disposto, respecto dos órganos colexiados, na normativa que regula ditos órganos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Confidencialidade da información e dos resultados.

A FPG-RC resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio no exercicio das actividades formativo-asistenciais.

Cando a USC desexe utilizar ditos resultados para a súa publicación deberá obter a autorización previa e escrita por parte da FPG-RC.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso, a USC poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización da colaboración nas actividades propias da súa función investigadora inherentes a actividade formativo-asistenciais regulada polo presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia do convenio e da actividade formativo-asistenciais.

A vixencia do presente convenio de encomenda e xestión será de 3 anos, prorrogable por proposta do Padroado da FPG-RC.

A actividade formativo-asistenciais a desenvolver no marco do presente convenio terá unha duración anual, a contar desde o día da súa sinatura ou da sinatura do acordo de vinculación do profesorado, segundo o establecido nas cláusulas Terceira a Sexta.

DÉCIMO TERCEIRA.- Modificación, denuncia e resolución do convenio.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.



Son causas de resolución do convenio: o transcurso do prazo de vixencia sen que fora acordada a súa prórroga, o mutuo acordo das partes, ou o incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por algunha das partes, o que facultará á outra parte para instar a súa resolución, previa reunión da Comisión Técnica.

DÉCIMO CUARTA.- Resolución de conflitos e xurisdición competente.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Técnica.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puidesen presentarse en orde á interpretación e cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento no lugar e data *ut supra*.

Pola FPG-RC
D. Román Rodríguez González
Presidente da FPG-RC

Pola USC
D. Xavier Ferreira Fernández
Xerente da USC
P.D. do Sr. Reitor
(RR 21/04/2022; DOG núm. 79. do 26/04/2022)



– ANEXO I –

INFORME DE NECESIDADE DO HVU-RC E SOLICITUDE DE VINCULACIÓN

**INFORME DE NECESIDADE DO SERVIZO (nome do Servizo) DO HVU-RC E
SOLICITUDE DE VINCULACIÓN AO HVU-RC**

(*Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades
formativo-asistenciais, asinado o __/__/2022*)

Lugo, a (día) de (mes) de 202__

D./D.^a (nome e apelidos), Xefe/a do Servizo de (nome do Servizo) do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), **INFORMO:**

- Que (breve descrición das necesidades formativo-asistenciais a cubrir no Servizo que corresponda).
- Que para dar cobertura ás necesidades formativo-asistenciais anteriores é preciso (breve referencia ás características da praza a cubrir, especialidade sanitaria, tramo horario que se precise – «I», «II», «III» ou «IV» – segundo o disposto na cláusula quinta do convenio, etc.).

De acordo co exposto, **SOLICITO:**

Que, co obxecto de dar cobertura ás necesidades formativo-asistenciais expostas, se remita o presente documento á Facultade de Veterinaria da USC e, ao abeiro do disposto no *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, do __/__/2022, se acorde, previos os trámites oportunos, a correspondente vinculación ao HVU-RC para a realización de actividades formativo-asistenciais no Servizo de (nome do Servizo), no tramo horario (escóllase o que corresponda: «I», «II», «III» ou «IV», segundo o disposto na cláusula quinta do convenio)

E para os efectos oportunos, asínase a presente solicitude no lugar e data *ut supra*.

Asdo.

D./D.^a (nome e apelidos)

Xefe/a Servizo de (nome do Servizo) do HVU-RC





– ANEXO II –
PROPOSTA DE VINCULACIÓN AO HVU-RC

**PROPOSTA DE VINCULACIÓN AO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO
ROF CODINA DO/A PROFESOR/A D./D.ª (nome e apelidos)**

(*Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades
formativo-asistenciais, asinado o __/__/2022*)

Lugo, a (día) de (mes) de 202_

Reunida e validamente constituída a Comisión Técnica, constituída na 51ª reunión do Padroado da FPG-RC do 6 de abril de 2021, e:

VISTO o Informe de Necesidade do Servizo (nome do Servizo) do HVU-RC, e Solicitud de Vinculación, de data __/__/202_.

VISTA a proposta realizada pola comisión avaliadora prevista na convocatoria de vinculación de data __/__/202_.

Conforme ao exposto, e en virtude do previsto na cláusula terceira do *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, do __/__/2022, vista a proposta realizada pola comisión avaliadora, **ACORDA**:

Primeiro.- Propoñer a vinculación ao HVU-RC de D./D.ª (nome e apelidos), profesor/a do Departamento de (nome do Departamento) da Facultade de Veterinaria de Lugo da USC, para a realización de actividades formativo-asistenciais no Servizo (nome do Servizo) do HVU-RC, e no tramo horario (escóllase o que corresponda: «I», «II», «III» ou «IV», segundo o disposto na cláusula quinta do convenio), ao abeiro do *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, do __/__/2022.

Segundo.- Dar publicidade ao acordo adoptado e encargar á Xerencia do HVU-RC a formalización das vinculacións co profesorado seleccionado.





– ANEXO III –
ACORDO DE VINCULACIÓN AO HVU-RC

**ACORDO DE VINCULACIÓN AO HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO ROF
CODINA DO/A PROFESOR/A D./D.^a (nome e apelidos)**

(*Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades
formativo-asistenciais, asinado o ___/___/2022*)

Lugo, a (día) de (mes) de 202__

COMPARECEN

Dunha parte, **D./D.^a (nome e apelidos)**, con DNI (_____), Xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina (FPG-RC), con CIF G27182856 e domicilio en Estrada da Granxa 51, Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo, 27002, Lugo.

Doutra parte, **D./D.^a (nome e apelidos)**, con DNI (_____), profesor/a da Facultade de Veterinaria de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), con enderezo en (_____).

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación da FPG-RC e o segundo no seu propio nome e dereito, e recoñecendo mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse mediante o presente acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a FPG-RC foi constituída para a xestión do HVU-RC, o CEBIOVET e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, e ten por obxecto a realización dos seguintes fins xerais de interese galego (art. 6 Estatutos da FPG-RC): o apoio permanente á docencia clínica na Facultade de Veterinaria de Lugo, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da Facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o HVU-RC, o apoio permanente á investigación no CEBIOVET e o cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da USC.

II.- Que o HVU-RC da FPG-RC, consonte ao disposto no artigo 66 dos Estatutos da USC, ten como obxectivos fundamentais o desenvolvemento do labor asistencial clínico veterinario co fin de mellorar as funcións docentes e investigadoras propias dos departamentos, centros, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde así como a potenciación das actividades produtivas no sector primario, das que a preservación e recuperación da saúde animal constitúen unha parte destacada.



III.- Que con data do __/__/2022, a USC e a FPG-RC asinaron un *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*.

IV.- Que con data do __/__/202__, o Servizo (nome do Servizo) do HVU-RC emitiu Informe relativo ás necesidades formativo-asistenciais a cubrir en dito Servizo ao abeiro do disposto no antedito convenio de encomenda de xestión.

V.- Que con data do __/__/202__, a Comisión Técnica, constituída na 51ª reunión do Padroado da FPG-RC do 6 de abril de 2021, á vista da proposta da comisión avaliadora previstas na convocatoria de vinculación publicada con data do __/__/202__, acordou a proposta de vinculación ao HVU-RC de D./D.ª (nome e apelidos), profesor/a do Departamento (nome do Departamento), para a realización de actividades formativo-asistenciais no Servizo (nome do Servizo) do HVU-RC, e no tramo horario (escóllase o que corresponda: «I», «II», «III» ou «IV», segundo o disposto na cláusula quinta do convenio), ao abeiro do *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, do __/__/2022.

Conforme ao exposto, e en virtude do establecido na cláusula terceira do antedito convenio, os intervinientes **ACORDAN**:

Primeiro.- A adhesión ao *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, asinado o __/__/2022, e a vinculación do profesor/a D./D.ª (nome e apelidos) ao Servizo de (nome do Servizo) do HVU-RC, no tramo horario (escóllase o que corresponda: «I», «II», «III» ou «IV»).

Segundo.- Permitir en virtude da antedita vinculación que este profesor/a poida desenvolver a súa actividade formativo-asistencial nas dependencias do HVU-RC nos termos recollidos no *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*.

Terceiro.- Esta vinculación estará vixente dende a data de sinatura do presente acordo.

E para os efectos oportunos asinan o presente documento por duplicado no lugar e data *ut supra*.

D./D.ª (nome e apelidos)
Xerente da FPG-RC

D./D.ª (nome e apelidos)
Profesora da Facultade de Veterinaria da USC



**– ANEXO IV –
DECLARACIÓN DE URXENCIA**

DECLARACIÓN DE URXENCIA

(*Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais, asinado o __/__/2022*)

Lugo, a (día) de (mes) de 202__

D/D^o. (Nome e apelidos), Director/a Veterinario/a do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), **DECLARO:**

- Que (descrición do/s motivo/s que xustifican a urxencia das necesidades formativo-asistenciais a cubrir no Servizo que corresponda: v.gr. baixa laboral, defunción, inmediatez no inicio do curso académico, etc.).
- Que os motivos anteriores fan preciso a urxente subscrición dun acordo de vinculación provisional ao HVU-RC, ao abeiro do disposto na cláusula cuarta do *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, do __/__/2022, co obxecto de dar cobertura ás necesidades formativo-asistenciais no Servizo de (nome do Servizo) do HVU-RC, dende o __/__/202__ (recoller a data desde a que se precisa a urxente incorporación), no tramo horario (tramo horario que se precise – «I», «II», «III» ou «IV» – segundo o disposto na cláusula quinta do convenio).

E para os efectos oportunos, asínase a presente declaración no lugar e data *ut supra*.

Asdo.

D/D^a. (Nome e apelidos)

Director/a Veterinario/a do HVU-RC

Conforme.

D/D^a. (Nome e apelidos)

Xerente/a do HVU-RC

Conforme.

D/D^a. (Nome e apelidos)

Decano/a da Facultade de Veterinaria





– ANEXO V –

ACORDO DE VINCULACIÓN PROVISIONAL AO HVU-RC

ACORDO DE VINCULACIÓN PROVISIONAL AO HVU-RC

DO/A PROFESOR/A D./D.^a (nome e apelidos)

(Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades
formativo-asistenciais, asinado o __/__/2022)

Lugo, a (día) de (mes) de 202__

COMPARECEN

Dunha parte, D./D.^a (nome e apelidos), con DNI (____), Xerente da Fundación Pública Galega Rof Codina (FPG-RC), con CIF G27182856 e domicilio en Estrada da Granxa 51, Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo, 27002, Lugo.

Doutra parte, D./D.^a (nome e apelidos), con DNI (____), profesor/a da Facultade de Veterinaria de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), con enderezo en (_____).


INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación da FPG-RC e o segundo no seu propio nome e dereito, e recoñecéndose mutua e reciprocamente a capacidade para obrigarse mediante o presente acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a FPG-RC foi constituída para a xestión do HVU-RC, o CEBIOVET e doutras estruturas de apoio á docencia e a investigación, e ten por obxecto a realización dos seguintes fins xerais de interese galego (art. 6 Estatutos da FPG-RC): o apoio permanente á docencia clínica na Facultade de Veterinaria de Lugo, co fin de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da Facultade e as ensinanzas que en materia clínica poida proporcionar o HVU-RC, o apoio permanente á investigación no CEBIOVET e o cumprimento dos obxectivos marcados polo artigo 66 dos Estatutos da USC.

II.- Que o HVU-RC da FPG-RC, consonte ao disposto no artigo 66 dos Estatutos da USC, ten como obxectivos fundamentais o desenvolvemento do labor asistencial clínico veterinario co fin de mellorar as funcións docentes e investigadoras propias dos departamentos, centros, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e escolas de especialización profesional vinculados ás áreas das ciencias da saúde así como a potenciación das actividades produtivas no sector primario, das que a preservación e recuperación da saúde animal constitúen unha parte destacada.



III.- Que con data do ___/___/2022, a USC e a FPG-RC asinaron un *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*.

IV.- Que segundo a cláusula cuarta do devandito convenio «*cando existan razóns que xustifiquen a prestación urxente das actividades formativo-asistenciais reguladas polo presente convenio, poderá subscribirse un acordo de vinculación provisional ao HVU-RC, previa declaración de urxencia debidamente motivada emitida pola Dirección Veterinaria do HVU-RC*».

V.- Que con data do ___/___/202_, a Dirección Veterinaria do HVU-RC emitiu declaración de urxencia para a prestación de actividades formativo-asistenciais no Servizo de (nome do Servizo) do HVU-RC, conformada pola Xerencia do HVU-RC e polo Decanato da Facultade de Veterinaria.

Conforme ao exposto e en virtude do establecido nas cláusulas terceira e cuarta do convenio, os intervenientes **ACORDAN:**

Primeiro.- A adhesión ao *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*, asinado o ___/___/2022, e a vinculación provisional do profesor/a D./D.^a (nome e apelidos) ao Servizo de (nome do Servizo) do HVU-RC, no tramo horario (escóllase o que corresponda: «I», «II», «III» ou «IV»).

Segundo.- Permitir en virtude da antedita vinculación provisional que este profesor/a poida desenvolver a súa actividade formativo-asistencial nas dependencias do HVU-RC nos termos recollidos no *Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades formativo-asistenciais*.

Terceiro.- Esta vinculación provisional estará vixente dende a data da sinatura do presente acordo e en tanto subsistan as causas que a motivaron, podendo adquirir carácter definitivo segundo o disposto na cláusula cuarta do convenio.

E para os efectos oportunos asinan o presente documento por duplicado no lugar e data *ut supra*.

D.D.^a (nome e apelidos)
Xerente da FPG-RC

D./D.^a (nome e apelidos)
Profesor/a da Facultade de Veterinaria da USC



– ANEXO VI –
INFORME DE ACTIVIDADE

INFORME DE ACTIVIDADE FORMATIVO-ASISTENCIAL NO HVU-RC

*(Convenio de encomenda de xestión entre a FPG-RC e a USC para a realización de actividades
formativo-asistenciais, asinado o ___/___/2022)*

Período: (mes) de 202__.

Persoal USC	Tramo (I, II, III, IV)	Nº horas realizadas	Semana
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			
(Nome e apelidos)			

Asdo.
D/Dª. (Nome e apelidos)
Director/a Veterinario/a do HVU-RC



